



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO AUTONÓMICO XUVENIL MAR-COSTA

O Campionato Autonómico de Mar-Costa, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en A Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. A Competición rexeráse polo Regulamento de Competición de Pesca Deportiva e Cásting da F.E.P. e C.

Lugar e Data:

Desenvolverase en **PRAIA DE AREA (VIVEIRO)**.

Alternativa PRAIA DE COVAS (VIVEIRO).

Na data : **23-09-2017**

BASES

Asistencia Deportistas:

Cómpre que tódolos deportistas confirmen a súa asistencia, antes do **19 de Setembro de 2017**,

Segundo acordo assembleario será obrigatorio que cada Club achegue unha persoa para facer labores de Control. O non cumprimento deste acordo conlevará que os membros do Club non poderán participar na competición.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na xuntanza para o sorteo dos postos.

Mangas: Desenvolverase en UNHA manga de **tres horas** . Tanto o inicio como o remate da manga será indicado con sinais acústicas.

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte **un centímetro** para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

Cebo: Subministrarao o Comité Técnico e comporase de 3 caixas de coreano e 1 caixa de gavián

Anzois: Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura.

Será obrigatorio para todos os deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun cubo e un osixenador.

Medición e control das capturas

Consideraranse válidas todas as capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse con un punto por peza.

As capturas serán medidas polo xuíz, controis ou membros do Comité. En ningún caso poderá realizar o deportista a medición e apunte dos peixes. Os peixes unha vez medidos devolveranse á auga no menor tempo posible.

O/A deportista deberá de realizar o desanzolado da captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa medición.

Programa día 23-09-2017

13,30 horas: Reunión **Restaurante LOUZAO** en VIVEIRO .

14,00 horas: Sorteo de postos.

17,00 horas: Inicio Manga.

20,00 horas: Fin da Manga.

20:30 horas: Pesaxe e entrega de trofeos

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.

Normas de comportamento:

1º Para facer o lance prohibese entrar na auga.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



2º Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza.

3º Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca. Debendo retirar o aparello da auga e poñendo as canas en repouso.

4º Os Deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

5º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga o calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.

6º Art... 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descalificación do deportista.

7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexeranse polas Normas da Federación Española de Pesca y Casting da especialidade.

Asdo. Gerardo Orol

Presidente do Comité Mar Costa da F.G.P.